

Os psicólogos de emerxencias do COPG explican a asistencia prestada no accidente de Angrois a expertos suecos

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia recibiu ao grupo de docentes suecos que estes días visita Galicia para informarse sobre o labor realizado por varias institucións durante o accidente ferroviario de Angrois.

A decana do COPG, Rosa María Álvarez, explicou xunto coa coordinadora do GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias), Ana Isabel Martínez Arranz, o traballo desenvolvido polos psicólogos e psicólogas de emerxencias do COPG, que atenderon ás familias dos viaxeiros e aos superviventes da traxedia.

Os tres expertos suecos, docentes na Universidade de Umea, realizaron cuestións sobre o dispositivo de asistencia psicolóxica, que se prestou en todos os puntos sensibles: no lugar do sinistro, nas estacións de tren de Coruña e Ferrol, na morgue instalada no Multiusos Fontes do Sar e no edificio CERSIA, lugar onde os familiares agardaban información sobre as vítimas.

Na xuntanza, o COPG e os investigadores acordaron o intercambio de documentación sobre a xestión da traxedia ferroviaria por parte do GIPCE, que se desenvolveu dunha maneira autosuficiente e eficaz e polo que o COPG recibiu distintos recoñecementos.

O GIPCE

O GIPCE é un grupo formado por psicólogos e psicólogas colexiados/as que se puxo en marcha en 1996, con profesionais especializados/as na atención psicolóxica en situacións de catástrofe e emerxencia. Coa súa intervención procura minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurando as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesora á dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados e intervén cos/coas profesionais e voluntarios/as para diminuír o nivel de estrés tanto durante como despois dunha intervención.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Raquel Miranda

634 599 932

comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

www.copgalicia.es

copgalicia@cop.es